

**Documento de acollida para pacientes**  
**Hospitalización a domicilio**



**XUNTA DE GALICIA**



Documento de acollida para pacientes. Hospitalización a domicilio

Servizo Galego de Saúde

Dirección xeral de Asistencia Sanitaria

Subdirección xeral de Atención Hospitalaria





## Índice

Benvida.....	5
Que é a Hospitalización a domicilio.....	6
Quen pode ingresar en hospitalización a domicilio.....	7
Que vantaxes ten a hospitalización a domicilio para vostede e a súa familia.....	9
Quen compoñemos a unidade e como traballamos.....	10

## Benvida

Todos os profesionais que traballamos en Hospitalización a Domicilio (HADO) dámoslle a benvida e estamos en disposición de lograr que o seu ingreso en HADO sexa o máis agradable, confortable e satisfactorio posible.

O obxectivo desta guía é facilitarlle información de utilidade que lle sirva a vostede, a súa familia e aos acompañantes que colaboran no seu coidado, a coñecer a atención que prestamos nesta unidade.



---

*O paciente está cambiando o seu papel na xestión da súa enfermidade, polo que é necesario implicalo nas decisións terapéuticas, así como ter en conta os seus valores, opinións e desexos.*

---

Estamos á súa disposición para aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir.

## Que é a Hospitalización a domicilio

É unha alternativa de hospitalización na que o vostede se atopa ingresado no seu domicilio no que é atendido por un equipo especializado do hospital que lle proporcionará os coidados necesarios para o tratamento da súa enfermidade de xeito efectivo e seguro.

É dicir, substitúese o ingreso nun hospital pola hospitalización no seu domicilio, cando esta é a mellor opción asistencial.

Este alternativa mellorálle a calidade de vida xa que, o feito de que vostede se atope na súa contorna habitual, facilitamos poder prestarlle un trato máis personalizado e próximo e unha atención sanitaria adaptada o máximo posible á súa realidade.



## Quen pode ingresar en hospitalización a domicilio

Vostede, unha vez que un profesional sanitario e no caso de ser un paciente con diagnóstico establecido, que durante o internamento pola súa enfermidade (médica ou cirúrxica) permaneza estable e sen complicacións, pero necesite coidados hospitalarios durante un tempo ata recibir a alta definitiva.

Por exemplo, se ten unha enfermidade crónica descompensada, un proceso agudo infeccioso, despois dunha cirurxía, se precisa de curas de feridas complicadas e doutros tratamentos intravenosos e nutricionais que se presten no hospital.



De calquera xeito, para que vostede poda ser atendido en hospitalización a domicilio debe cumprir unha serie de condicións mínimas indispensables, tales como:

- Vostede e o seu cuidador deben aceptar o ingreso nesta unidade ao ser un ingreso voluntario.
- Debe contar con familiares ou persoas responsables do seu cuidado que faciliten o apoio necesario no domicilio.
- Debe dispoñer de teléfono accesible e unha vivenda que permita a súa atención por este equipo.





## Que vantaxes ten a hospitalización a domicilio para vostede e a súa familia

Esta alternativa mellorálle a calidade de vida xa que lle permite continuar o tratamento no seu domicilio, evitándolle un ingreso prolongado no hospital.

Tamén humaniza a atención ofrecéndolle unha asistencia adaptada a súa realidade e a da súa familia.

Favorece que sexa máis autónomo e que acade unha maior calidade de vida durante o proceso da súa enfermidade.

Diminúe os riscos propios da hospitalización convencional, como o das infeccións adquiridas no hospital.



## **Quen compoñemos a unidade e como traballamos**

Somos un servizo do hospital, composto por persoal médico e de enfermaría, que se despraza ata o seu domicilio para prestarlle unha atención sanitaria de intensidade e complexidade hospitalaria.

Poñemos a súa disposición os nosos coñecementos e os medios diagnósticos e terapéuticos do hospital (a medicación e material sanitario necesario), e traballamos de forma coordinada con nosos compañeiros do hospital e de atención primaria para prestarlle a mellor atención posible e garantir a continuidade dos coidados que precise.



